



Casos especiais de acentuación

Verbo + pronome ou artigo

Cando os verbos levan pronomes enclíticos, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra.

recibíraa (palabra esdrúxula: *recibira* + *a*)

fixéronllela (palabra sobreesdrúxula: *fixeron* + *lles* + *a*)

Se se utiliza a combinación verbo + formas *-lo(s)*, *-la(s)* do artigo (2.ª forma), acentúase tamén coma se fose unha única palabra.

bebéra-la auga (palabra esdrúxula: *beberas* + *-la*)

As formas verbais que levan acento diacrítico mantéñeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome.

é → *élle*, *éa*

dá → *dáo* / *dáme* / *dálle*

Interrogativos e exclamativos

Os pronomes e os adverbios interrogativos *que*, *quen*, *cal*, *onde*, *cando*, *como* e *canto* non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas.

Que queres?

Cando vés?

Que desgraza!

Tampouco se acentúan esas formas cando introducen interrogativas indirectas.

Pregúntalle cando volverá.

Dime cal é.

Excepción: cando sexa preciso para evitar posibles ambigüidades, acentúanse as formas de pronomes e adverbios interrogativos.

Eu xa sei qué hai. → (o que hai)

Eu xa sei que hai. → (que si hai)

Palabras compostas

Non mantén o acento gráfico o primeiro termo das palabras compostas xa soldadas sen guión.

Riotorto

fervellasverzas

balonmán

Mantén o acento gráfico cada elemento das palabras compostas unidas por guión.

teórico-práctico

oés-noroeste

inglés-galego

Adverbios rematados en *-mente*

Os adverbios rematados en *-mente* non levan acento gráfico por se tratar de palabras graves rematadas en vogal.

comicamente

comunmente

inutilmente

No caso de apareceren varios adverbios rematados en *-mente* coordinados, esta terminación só aparece no derradeiro, e os anteriores manteñen o seu acento.

cómoda e facilmente.

Estranxeirismos

As palabras tomadas de linguas estranxeiras de uso máis corrente seguen as regras xerais de acentuación.

Agudas	Graves	Esdrúxulas
<i>ballet</i>	<i>pizza</i>	<i>hándicap</i>
<i>vermú</i>	<i>béisbol</i>	<i>pákinson</i>



— Actividades

1. Transforma os enunciados que che damos en estruturas de «verbo + pronome(s) átono(s)» ou de «verbo + 2.ª forma do artigo». Sigue os exemplos resoltos e coida a acentuación gráfica.

Verbo + pronome(s) átono(s)

fixeron + (a os nenos) + (a cea)

fixéronllela

pasa + (o balón)

.....

gardo + (a vós) (os cadernos)

.....

resolverán + (o problema)

.....

escoita + (a canción)

.....

Verbo + 2.ª forma do artigo

non perdas + (as claves)

non pérda-las claves

ti farás + (a cama)

.....

sabes + (a resposta)?

.....

hai que apagar + (o ordenador)

.....

fixeras + (a comida)

.....

2. Explica brevemente a diferenza de significado entre estes pares de oracións. Repara en que o acento sobre o pronome interrogativo axuda a evitar ambigüidades.

Dille que sabes.

→

Dille qué sabes

→

Pregunta quen quere.

→

Pregunta quién quere.

→

Ela non dixo que quería.

→

Ela non dixo qué quería.

→

Pregúntalle cando pode.


→

Pregúntalle cándo pode.

→



3. Resolve este encrucillado, composto por estranxeirismos con acento gráfico. Dámosche as vogais acentuadas como axuda.



- ▶ Conforme a un modelo ou padrón común.
- ▶ Peza de vestir masculina de chaqueta e pantalón que se emprega en festas e actos sociais máis ou menos solemnes.
- ▶ No deporte do esquí, carreira en descenso na que os esquiadores deben pasar obrigatoriamente, en zigzag, por uns espazos chamados portas.
- ▶ Tipo de motor de combustión.
- ▶ Membro dun grupo de malfeitores, xeralmente armados, que cometen delitos.
- ▶ Utensilio en forma de «v» que, lanzado con movemento xiratorio, volve ao lugar de partida.
- ▶ Merenda campestre, xeralmente nunha viaxe ou excursión.
- ▶ Aquilo que non se pode tocar ou do que non se pode falar.
- ▶ Categoría deportiva para rapaces con idades comprendidas, aproximadamente, entre os 17 e os 20 anos.
- ▶ Local público onde se representan espectáculos musicais ou de baile e os clientes poden tomar bebidas, cear, bailar...

— Completa as seguintes oracións coas palabras do encrucillado anterior. Coida a acentuación gráfica.

- Xa temos todo listo para o: a tortilla de patacas, a neveira portátil, o mantel...
- Aquel vello bosquimán australiano é un experto no lanzamento de
- Estou moi contento co meu coche de motor: consome moi pouco.
- O que máis me gustou doao que asistimos onte foi o ambiente e a música.
- Aquela película policial trataba sobre a vida dun célebrenorteamericano.
- Xoán alugou unpara asistir á cea de gala na residencia do embaixador.
- As probas que me fixeron na óptica son as propias dunha revisión ocular
- A esquiadora suíza Sonia Nef foi terceira na proba de
- Non fales do cancro na casa de Anxo: ese é un tema
- O noso equipo de baloncesto quedou subcampión provincial na categoría



— Actividades

4. Ofrece o adverbio rematado en *–mente* que corresponde a cada un dos seguintes adxectivos. Coi-da a acentuación gráfica.

<u>Adxectivo</u>	<u>Adverbio en <i>–mente</i></u>
áxil	→
rápida	→
fácil	→
mecánica	→
cortés	→
última	→
momentánea	→
económica	→

— Completa agora estas oracións cos adverbios anteriores correctamente escritos.

- Antes mallábase o cereal á man, pero agora ese proceso faise
- Onde andará Xaquín? non o vexo por aquí.
- Quero conseguir un traballo para ser independente dos meus pais.
- Hoxe estivemos sen luz porque houbo unha avaría no tendido eléctrico.
- Se queres que eu sexa educado e correcto contigo, ti tamén debes tratarme
- Debemos saír do edificio: acaba de soar a alarma de incendios.
- Gústame ir ao zoológico e ver como os monos ruben polas árbores.
- Co meu coche novo aparco moi porque é moi pequeno e manexable.

5. Escribe estas oracións corrixindo todos os erros de acentuación gráfica que conteñen.

- Esa camiseta de balónceto eme moi grande. Qué pensas ti?
.....
- Primeiro usa ti o afialapis e despois pasallelo aos teus compañeiros.
.....
- Qué sorte! Este camping é boísimo. Dificilmente atoparemos outro mellor por aquí.
.....
- A eles dalles vergonza pedirche o teu dicionario aleman-galego. Deixasllelo?
.....
- Non sei qué facer. Irei ao curso de windsurf ou ao de linguaxe xuridico-administrativa?
.....
- Por qué non paras quieto nun sitio? Non sexas fêrvellasverzas.
.....
- Hoxe podemos ir de picnic á praia do Lago. Soavos ese sitio? Qué vos parece a idea?
.....

Outros casos de acentuación problemática

En galego...

Son agudas

alfil
chofer
cepelín
popurrí
quefir
radar
sonar

Son graves


acne
albumina
argon
arquidiocese
ástur
atmosfera
bérber
celtibero
ciclope
conclave
cuadriga
diocese
elite
hemiplexía
heroe
ibero
karate
lígur
medula
mísil
neon
paraplexía
parasito
paxaro
pelicano
pénsil
pentecoste
prénsil
réptil
támil
tetraplexía
téttil
traquea
vertixe
xermolo

Son esdrúxulas

aerólito
alvéolo
amálgama
anódino
auréola
bronquíolo
cardíaco
cóengo
décatlon
eléctrodo
electrólito
endócrino
espécime
gladíolo
isóbara
óboe
olimpíada
péntatlon
período
perístilo
petróglifo
rícino
rubéola
térmite
termóstato
triatlon
xeróglifo
xílgaro

Actividades

6. Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar seis palabras. Despois pronúnciaas en voz alta e clasifícaaas segundo sexan graves ou esdrúxulas.



Graves:

Esdrúxulas:

— Completa estas noticias de xornal coas palabras anteriores. Coida a súa acentuación gráfica.

A Xunta concederalles axudas aos traballadores afectados polos expedientes de suspensión de contratos das empresas do e da confección de Galicia.

Galicia Hoxe (21-6-05)

Benedito XVI acepta a renuncia de Gea Escolano como bispo da de Mondoñedo-Ferrol.

Galicia Hoxe (6-6-05)

O barcelonés Carlos Gil, en categoría masculina, e a madrileña Ana Burgos, na feminina, proclamáronse onte campións de España de

Galicia Hoxe (6-7-05)

A Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) reuniu esta semana en Santander algunhas das primeiras autoridades científicas sobre Titán, a lúa xigante de Saturno, o único satélite do Sistema Solar que ten

Galicia Hoxe (14-7-05)

O Celta retorna á da Primeira tras gañar por 1-3 en Xerez, só un ano despois de perder a categoría.

Galicia Hoxe (6-6-05)

Hoxe comezan en Salamanca as XXXVI Internacionais de Física.

Galicia Hoxe (6-6-05)

7. Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Despois leas en voz alta correctamente.

- O ex-campión mundial de decatlon ten graves problemas cardíacos.
- O heroe da película que vin onte era o soldado celtibero que levaba a cuadriga do emperador.
- O chofer do autobús accidentado non ten tetraplexia, senón unha lesión na traquea.
- El non entende nada de paxaros: díxome que ese xilgaro era un pelicano.
- O que vimos no ceo non foi un misil, senón un meteorito que penetrou na atmosfera terrestre.
- O meu profesor de karate tivo unha lesión na medula e agora padece hemiplexia.
- Esa arqueóloga é un experta en petroglifos galegos e en xeroglifos expíciós.
- O meu veciño, o biólogo, ten unha conversa moi anodina: só fala de reptiles e de termites.